

# Editorial

---

Con moito gusto ofrecemos aos lectores de CROA nesta nova revista ou boletín da Asociación a gran riqueza que nos entregaron os respectivos autores e autoras nos seus escritos.

Din algúns entendidos que a escritura inventouse hai tan os uns seis milleiros de anos. Pode dicirse que é de onte en comparanza cos posibles millóns de anos que levamos sobre esta terra os seres capaces de ler e escribir. Logo, durante moitos séculos a humanidade viviu só unha cultura non escrita, que se foi transmitindo xeración tras xeración e que foi deixando as suas pegadas. Sospeito, sen ser arqueólogo, que a arqueoloxía é disciplina insubstituíble para rastrexar as pegadas de coñecementos, crenzas, valores, normas, signos, símbolos, mitos, lendas, lingua, refráns, cancioneros, adiviñas, elementos raciais, éticos, étnicos, relixiosos, etc., antes de seren postos por escrito e tamén nos albores da escritura. Que me perdoen ou corrixan os que saben disto moito máis ca min.

Seguen dicindo algúns especialistas na materia que o berce no que se criou a escritura foron templos de deuses e pazos dos reis e faraóns, xa que eran os únicos que podían soste aos escribas e liberar a uns poucos iniciados para que fixasen en pedras, en taboíñas de arxila, e máis tarde en papiros e pergamiños, códigos, - máis de deberes e obrigas ca de dereitos dos súbditos-, e para que levasen puntual contabilidade de tributos aos señores e de ofrendas sacrificiais a uns deuses que, se non eran os mesmo reis e señores, só comían por boca dos seus sacerdotes. Mesmo hai un mito mesopotámico que afirma que a escritura foi inventada por un deus chamado Nabu.

Recoñecemoslles ese carácter sagrado e rexio tanto á escritura globalmente considerada como a moitos escritos en particular. E, de entre eles, recoñecemosllo de maneira indiscutible a todos os que integran este N° de CROA, cada un na súa especialidade. Sendo textos "sagrados", teremos que tratalos co debido respecto, pero non con tanto coma algúns que ante o sagrado foxen espavorecidos coma alma que leva o demo.

Dende este **Editorial** invitamos a achegármonos a eles con respecto e veneración e con actitude de deixarmos enchoupar pola sabedoría que transmiten. En Babilonia chamábanlles "casa da sabedoría" a aqueles lugares nos que se gardaban os escritos. Se fose uns anos máis adiante, o mesmo poderían chamarlles "CROA".

Cos libros e cos escritos en xeral, como pode acontecer coas colaboracións deste Boletín, pasa o mesmo ca co sagrado tamén en xeral: que nos sobrepasa aos non iniciados. Por iso, como todo o sagrado transcéndenos, ata o punto de que cada artigo, igual ca cada libro, acaba sendo tantos libros ou tantos artigos coma lectores teña; por mor de que cada un lemos dende as nosas vivencias, experiencias ou reflexións. Mesmo algo que teñamos lido hai dez anos pode falarnos de xeito moi diferente se o volvemos a ler hoxe, porque acumulamos novas vivencias e novas claves de interpretación.

Poñamos por caso: lendo a Roberto Bartolomé, admiro o ben que as sucesivas culturas sabían aproveitar o pasado, que é a maneira máis práctica de aprender da historia.

Tamén me impresionou o que nos di, ou eu crin entender, Carolina Pérez referente a que cos cambios da paisaxe morren centos de palabras. Ou o de Virginia de la Cruz en relación con que observar unha imaxe fotográfica pode encadrarse na busca da propia identidade.

Ao ler no artigo do homónimo e amigo de vello Xosé Manuel Blanco as fórmulas para descontar as lombrigas, descubrín o por que de que ese remedio non sempre sexa eficaz, debido a que para descontarllas a un paciente antes haberá que terllas contadas. Ou sexa: saber cantas ten.

Non queremos facer de menos ningún traballo, aínda que non aparezan neste **Editorial** referencias a cada un, por falta de espazo. Todos din moito e eu tampouco son quen de condicionar a lectura de ninguén, porque, se o sagrado pasase polo meu deficiente coador, particularizaríase, desvirtuaríase e deixa de ser universal.

Só quixera, no nome de cantos poñemos algo do noso traballo e do noso tempo neste N° 18 de CROA animar a quen o teña nas mans a lelo completo, porque como escribiu Goethe: "O que le non aprende algo, senon que se converte en alguén".